


CONCELLO DE VIGO		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	---------------------------------

EXPEDIENTE:	2003/2202	TIPO EXPTE.:	PROC. ABERTO SERVIZOS SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA
		SOLICITANTE:	Área RRHH e Formación - SPPRL

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REALIZACIÓN / ACTUALIZACIÓN DE AVALIACIÓNS DE RISCOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.

1. OBXECTO

O obxecto deste contrato é a contratación dun servizo de prevención alleo (en adiante SPA) para a actualización de avaliacións de riscos laborais (e avaliación inicial do novo parque de Esturáns) do servizo de Extinción de Incendios do concello de Vigo. Realizarase a avaliación xeral de riscos laborais (postos de traballo, seccións, equipos de traballo e instalacións), así como as avaliacións hixiénicas de niveis de exposición a fumes diésel nas cocheiras de ambos parques, o nivel de exposición a gas radón en ambos parques e avaliación ergonómica no desprazamento das mangueras en intervencións de lume en vivenda (piso).

LOTES


Non. En cumprimento do establecido no art. 99.3.b).- LCSP, e tendo en conta o exposto anteriormente, se determina que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, debe tratarse como unha unidade funcional que satisfaga a mesma necesidade institucional. Inda que a avaliación abarca dous parques de bombeiros trátase dun único servizo e o persoal non permanece fixo nun dos parques, senón que dependendo do momento e/ou circunstancias pode estar en calquera deles.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS (artigo 116).

O Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo (en adiante SPPRL-CV) non dispón dos medios técnicos e humanos suficientes para a realización deste traballo, xa que conta na actualidade como único persoal con capacitación para realizar este traballo con dúas técnicas de prevención de riscos laborais (unha delas en situación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 1 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<p>CONCELLO DE VIGO</p>		<p>Concellería de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal</p>	<p>Área de RRHH e Formación</p>
--------------------------------	---	---	--

de IT dende marzo de 2023), persoal en número claramente insuficiente –a falta de recursos humanos foi posta en evidencia en sucesivos requirimentos da Inspección de Traballo- para atender a elevada carga de traballo en relación ao asesoramento en materia preventiva para todo o persoal municipal e instalacións asociadas ao concello de Vigo.

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público*.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto simplificado de tramitación abreviada** en aplicación do artigos 159.6 da *Lei 9/2017*, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será **ordinaria**.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA (artigo 29).

Prazo de execución:

- Data do inicio da prestación dos servizos: **4/11/2024**.
- Duración do contrato: **13 meses**
- Prórroga do contrato: **non**

5. SOLVENCIA.


Ao tratarse dun procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada os licitadores e conforme ao artigo 159.6.B) da LCSP exímese aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

-Habilitación profesional:

As empresas que opten ao contrato deberán estar acreditadas pola administración laboral como Servizos de Prevención Alleo (SPA). Esta modalidade é a única opción recollida no artigo 10 do RD 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención que permite realizar este traballo con medios alleos aos do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 2 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO DE VIGO		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	-------------------------------------

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da LCSP, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade-prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

Xustifícase a elección destes criterios de adxudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a elección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén en proporción coa mellor oferta en relación calidade-prezo para a administración.

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

1. Redución do prezo. :

- **Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos servizos de avaliación xeral de riscos e avaliación ergonómica:**. Valorarase con **ata 20 puntos**.

Valorarase ata un máximo de 20 puntos á maior redución do prezo/hora respecto do tipo máximo de licitación. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente respecto da oferta máis baixa.

- **Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario das medidas de fumes diésel.** Valorarase con **ata 10 puntos**

Valorarase ata un máximo de 10 puntos á maior redución do prezo respecto do tipo máximo de licitación. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente respecto da oferta máis baixa.

- **Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario das medidas de radón.** Valorarase con **ata 10 puntos**


Valorarase ata un máximo de 10 puntos á maior redución do prezo respecto do tipo máximo de licitación. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente respecto da oferta máis baixa.

As valoracións realizaranse en función das fórmulas seguintes:

FÓRMULAS DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS (REDUCIÓN DO PREZO)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 3 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

<p>CONCELLO DE VIGO</p>		<p>Concellería de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal</p>	<p>Área de RRHH e Formación</p>
--------------------------------	---	--	-------------------------------------

A fórmula que se empregará para calcular o prezo do contrato é a seguinte:

1º.-Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas


c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 4 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO DE VIGO		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	-------------------------------------

Pmx: Puntuación máxima do criterio
 A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb
 B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control da calidade, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

a) Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

b) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:
 Pmx: puntuación máxima do criterio
 Vof: valor ofertado de incremento
 Vri: valor referencia dos incrementos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 5 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- c) **Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri** aplicarase a seguinte **fórmula**:

$$P = 0,80 * P_{mx} + \frac{0,20 * P_{mx} * A}{B}$$

Onde:

P_{mx}: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación das fórmulas elixidas:

Estas fórmulas resultan proporcionais e veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade coa conformidade da Intervención municipal.

2. Formación:

Valorarase con un **máximo de 12 puntos** distribuídos non seguintes apartados:

- a) **Formación do persoal para adscribir ao contrato en métodos de toma de mostras e análise dos niveis de exposición a gas radón, medidas de prevención e protección a adoptar.** Valorarase cun **máximo de 2 puntos**

- Por cada curso de duración entre 10 e 39 horas: **0,5 puntos**
- Por cada curso de duración entre 40 e 99 horas: **1 puntos**
- Por cada curso de duración de máis de 100 horas: **2 puntos**

- b) **Formación do persoal para adscribir ao contrato en métodos de toma de mostras e análise dos niveis de exposición a fumes diésel (carbono elemental: fracción respirable), medidas de prevención e protección a adoptar.** Valorarase cun **máximo de 2 puntos**

- Por cada curso de duración entre 10 e 39 horas: **0,5 puntos**
- Por cada curso de duración entre 40 e 99 horas: **1 puntos**
- Por cada curso de duración de máis de 100 horas: **2 puntos**

- c) **Formación do persoal para adscribir ao contrato en métodos de toma de mostras e análise dos niveis de exposición a contaminantes químicos, medidas de prevención e protección a adoptar.** Valorarase cun **máximo de 2 puntos**

- Por cada curso de duración entre 10 e 39 horas: **0,5 puntos**
- Por cada curso de duración entre 40 e 99 horas: **1 puntos**
- Por cada curso de duración de máis de 100 horas: **2 puntos**

Non se valorarán neste apartado os cursos valorados nos apartados a) e b).

- d) **Formación do persoal para adscribir ao contrato en:**

- **Prevención de riscos laborais en servizos de extinción de incendios**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 6 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de
Seguridade,
Contratación, Festas
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

- **Prevención de riscos laborais en traballos en altura**
 - **Prevención de riscos laborais en traballos de excarceración**
 - **Prevención de riscos laborais en traballos con mercadoría perigosas**
 - **Utilización segura da motoserra**
 - **Condución segura de vehículos en situación de emerxencia**
- Valorarase cun **máximo de 6 puntos**

- Por cada curso de duración entre 40 e 99 horas: **0,5 puntos**
- Por cada curso de duración entre 100 e 200 horas: **1 puntos**
- Por cada curso de duración de máis de 200 horas: **2 puntos**

Xustificación da elección do criterio: En aplicación do establecido no art. 145.2.2.- LCSP. Unha maior cualificación e coñecemento sobre o tema obxecto do contrato posibilita unha mellor execución do mesmo.

3. Avaliacións de riscos laborais de servizos de bombeiros realizadas do persoal que se adscriba para a execución do contrato nos últimos 7 anos. Valorarase con un **máximo de 30 puntos** distribuídos non seguintes apartados:

a) Avaliacións de riscos de servizos de bombeiros de menos de 30 persoas traballadoras, valorarase con ata **6 puntos** conforme a seguinte distribución:

- Por cada avaliación de riscos: 3 puntos.

b) Avaliacións de riscos de servizos de bombeiros de entre 30 e 60 persoas traballadoras, valorarase con ata **10 puntos** conforme a seguinte distribución:

- Por cada avaliación de riscos: 5 puntos.

c) Avaliacións de riscos de servizos de bombeiros de máis de 60 persoas traballadoras, valorarase con ata **14 puntos** conforme a seguinte distribución:

- Por cada avaliación de riscos: 7 puntos.

4. Avaliacións hixiénicas de fumes diésel realizadas polo persoal que se adscriba a execución desta parte do contrato nos últimos 7 anos (debe incluír toma de mostras e elaboración de informe de avaliación con proposta de medidas preventivas). Valorarase con un **máximo de 6 puntos** distribuídos non seguintes apartados:

- Por cada avaliación: 2 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 7 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Seguridade, Contratación
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

5. Avaliacións de exposición a gas radón en edificios de 2.000 m² ou máis realizadas polo persoal que se adscriba a execución desta parte do contrato nos últimos 7 anos (debe incluír toma de mostras e elaboración de informe de avaliación con proposta de medidas preventivas). Valorarase con un **máximo de 6 puntos** distribuídos non seguintes apartados:

- Por cada avaliación: 2 puntos

6. Avaliacións ergonómicas de manipulación manual de cargas / movemento de cargas realizadas polo persoal que se adscriba a execución desta parte do contrato nos últimos 7 anos (debe incluír toma de mostras e elaboración de informe de avaliación con proposta de medidas preventivas). Valorarase con un **máximo de 6 puntos** distribuídos non seguintes apartados:

- Por cada avaliación: 2 puntos

Xustificación da elección do criterio: En aplicación do establecido no art. 145.2.2.- LCSP. Unha maior experiencia profesional na elaboración de avaliacións de riscos posibilita unha mellor prestación profesional da actividade contratada o que implica unha calidade superior que afectará de xeito significativo á mellor execución do contrato. A complexidade do traballo a realizar e da normativa de aplicación precisa de profesionais cun alto grao de coñecemento e experiencia. Ademais o servizo de Extinción de Incendios conta con máis de 100 persoas o que supón unha organización diferente e un grado maior de dificultade que colectivos menos numerosos.

7. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS (artigo 149).

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto,




Copia do documento - Concello de Vigo
2003-2202

Data impresión: 05/11/2024 11:02

Páxina 8 de 13

CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	---------------------------------

aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

8. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución:

- A adxudicataria favorecerá a formación e garantirá a seguridade e a protección da saúde do persoal no lugar de traballo.

Dado que o contrato está directamente relacionado coa seguridade e saúde do persoal que traballa no centros obxecto do contrato, escóllese esta condición especial de execución, que tamén servirá aos efectos de cumprir a obriga de coordinación de actividades empresariais establecida legalmente.

A) OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO CONTRATISTA

1. O contratista deberá dispoñer de persoal suficiente e adecuado para a prestación do servizo de conformidade co esixido na cláusula 2.11 do PPTP.

Os medios materiais (ordenador, proxector, altofalantes, etc...) que sexan necesarios para o desenvolvemento de cada actividade serán por conta exclusiva da adxudicataria, así coma o material que se empregue.

2. En caso de persoas que presenten algunha discapacidade, a avaliación deberá adaptarse, na medida do posible, tendo en conta a dita discapacidade.

3. O laboratorio que realice a medida de gas radón deberá estar acreditado de acordo coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17025:2017, Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración, ou revisión posterior, pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), ou ben por outro organismo nacional de acreditación designado de acordo coa normativa europea (art. 76 RD 1029/2022, de 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposicións ás radiacións ionizantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 9 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLO
DE VIGO



Concellería de
Seguridade, Contratación
e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

9.- INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

Atendendo ao convenio polo que se rexe e as características do contrato non procede.

10.- PRAZO DE GARANTÍA

Non se fixa pola natureza das prestacións.

11.- SUBCONTRATACIÓN

Non hai tarefas críticas.

12.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non existe.

13. RESPONSABLE DO CONTRATO.

Establécense como responsables do contrato ao persoal técnico de prevención de riscos laborais do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do concello de Vigo.

14. SEGURO.

O SPA adxudicatario do servizo debe ter constituído un seguro civil por un importe mínimo de 1.841.000 euros. A póliza ou garantía financeira equivalente estará libre de franquías e sublímites.

Esta obriga ven establecida nos artigos 17 e 23 apartado f) do RD 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención:


"Compromiso de ter subscrita unha póliza de seguro ou garantía financeira equivalente que cubra a súa responsabilidade, por unha cuantía mínima de 1.841.000 euros, efectiva no momento no que a entidade empece a prestar servizos, sen que a citada cuantía constitúa o límite da responsabilidade do servizo".



Copia do documento - Concello de Vigo
2003-2202

Data impresión: 05/11/2024 11:02 | Páxina 10 de 13
CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

<p>CONCELLO DE VIGO</p>		<p>Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal</p>	<p>Área de RRHH e Formación</p>
--------------------------------	---	---	--

A póliza o garantía financeira equivalente, cuxa contía, eficacia e actualización prevé eo artigo 23.f) do Regulamento dos Servizos de Prevención, estará libre de franquicias e sublímites, de acordo coa Orden TIN/2504/2010, de 20 de setembro, pola que se desenvolve o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no referido á acreditación de entidades especializadas como servizos de prevención, memoria de actividades preventivas e autorización para realizar a actividade de auditoría do sistema de prevención das empresas.

15. LUGAR DE ENTREGA

O informe de avaliación de riscos elaborado, xunto co resto da documentación, remitirase asinado dixitalmente vía rexistro electrónico do Concello de Vigo, e en formato editable vía correo electrónico. O SPPRL-CV consensuará co adxudicatario, a xefatura de área/servizo/unidade e os delegados e delegadas de prevención unha data de reunión para a entrega e explicación do contido da documentación correspondente, que se celebrará nas instalacións do Concello de Vigo que decidan o SPPRL e a xefatura do servizo obxecto da avaliación.

A reunión inicial, as tomas de datos, revisións das instalacións, revisións dos equipos de traballo, medicións... realizaranse en cada un dos centros obxecto da avaliación de riscos.

16. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO.

A data prevista para o inicio do contrato é o 4/11//2024.

17. ETIQUETAS.

Non procede.

18.- INFORMES DE PROBAS.

Non se esixen.

19. CESIÓN DE DATOS Ó ADXUDICATARIO E CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL.

A execución do contrato require a cesión dos datos dos centros, instalacións, equipos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 11 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Concellería de
Seguridade, Contratación
e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

traballo, presenza de traballadores especialmente sensibles...

Os datos cedidos polo concello de Vigo ao SPA adxudicatario do servizo de elaboración e actualización da avaliacións de riscos do servizo de Extinción de Incendios serán os necesarios para a execución dos traballos contratados.

O Concello de Vigo adquirirá a propiedade de todo o material que sexa elaborado polo adxudicatario en execución do contrato, e, en particular, todos os dereitos de propiedade intelectual que deriven do mesmo, en calquera modalidade e baixo calquera formato, para todo o mundo, do traballo elaborado polo adxudicatario, ou os seus empregados ou empregadas, en execución do contrato, reservándose o Concello de Vigo calquera outras facultades anexas ao dereito de propiedade intelectual. Será propiedade do Concello de Vigo o resultado dos servizos así como cuantos materiais e documentos (especificacións, presentacións, etc.) se realicen en cumprimento do contrato.

Toda a documentación elaborada e os resultados obtidos pola adxudicataria en execución do contrato serán propiedade do Concello de Vigo, en cuxo poder quedarán cando así sexa requirido polo Concello de Vigo, non podendo o adxudicatario utilizala para outras persoas ou entidades.

Así mesmo, calquera desenvolvemento que se realice durante a vixencia do Contrato relacionada con este será propiedade do Concello de Vigo.

20. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES.

A técnica e xefa de área que subscriben declaran non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, no marco do desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, a Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación subscribe declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación .

ICP/

En Vigo, na data da sinatura dixital,

A técnica de prevención de riscos laborais.- Isabel Cabeza Pereiro.


Conforme,



Copia do documento - Concello de Vigo
2003-2202

Data impresión: 05/11/2024 11:02 | Páxina 12 de 13
CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO DE VIGO		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	-------------------------------------

A xefa da área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (decreto da Alcaldía de data 28/06/2024 e delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 1/07/2024)-. María Olga Alonso Suárez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/11/2024 11:02	Páxina 13 de 13
2003-2202	CSV: A1A2CA-A9A2AA-2D21C9-5GT7BH-EMK3XN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		